

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 5 DE XULLO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, no relativo aos órganos consultivos e de participación.
- Decreto polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia.
- Decreto polo que se establece a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Educación e Control Ambiental.
- Decreto polo que se prorroga a vixencia do Decreto 133/2011, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2011/12.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a reversión ao Concello da Estrada dunha franxa de terreo dentro do inmovible da Academia Galega de Seguridade Pública.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, relativo ao proxecto LIFE+ MARGAL ULLA

(LIFE09 NAT/ES/000514), por un importe total de tres millóns trescentos cincuenta e nove mil cento corenta e tres euros (3.359.143,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Pontevedra, para a construción da Ponte das Correntes sobre o río Lérez, por importe de cincocentos mil euros (500.000,00 euros).
- Acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e á viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio entre a Consellería de Economía e Industria e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), para fomentar a investigación, o desenvolvemento e a cooperación público-privada en áreas tecnolóxicas estratéxicas para o desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de vinte e un millóns de euros (21.000.000,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a previsión de recursos da Unidade de Policía adscrita no Pladiga 2012.

O CONSELLO APROBA O DECRETO DE CREACIÓN DO OBSERVATORIO GALEGO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- ***O texto regulamentario establece tamén a creación da Comisión Interdepartamental de Igualdade e a natureza e composición do Consello Galego das Mulleres***

O proceso de creación e funcionamento do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, do Consello Galego das Mulleres e da Comisión Interdepartamental de Igualdade entra na fase final coa aprobación hoxe polo Consello da Xunta do Decreto que desenvolve estes tres órganos consultivos, previstos na Lei 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

O Decreto determina os obxectivos, funcións e composición destes órganos consultivos e de representación. O Observatorio Galego da Violencia de Xénero é un órgano colexiado, adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade, encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero desenvolvidas en Galicia. Ten, entre outras, as funcións de recollida e análise de información relativa á materia, que se sistematizará e actualizará nunha base de datos; elaboración de informes sobre violencia de xénero; proposta de realización de investigacións e estudos específicos e actuación como órgano de vixilancia en asuntos de discriminación por razón de sexo na publicidade, para o cal terá baixo a súa dependencia a Comisión Asesora de Publicidade non Sexista.

O Observatorio estará composto por unha representación de diferentes departamentos da Administración autonómica, da Unidade contra a Violencia de Xénero da Delegación do Goberno, das corporacións locais a través da Fegamp, da Fiscalía Superior de Galicia, do TSXG, da CRTVG, das organizacións empresariais e sindicais e do Consello Galego das Mulleres. O pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, que presidirá a titular de Igualdade, reunirse en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano e con carácter extraordinario cando sexa convocado pola Presidencia ou por unha terceira parte das persoas integrantes. A Comisión Asesora de Publicidade non sexista, que debe velar pola erradicación do sexismo nas mensaxes publicitarias, estará formada por representantes das secretarías xerais da Igualdade e de Medios, da CRTVG, do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e das asociacións de axencias de publicidade. Reunirse con carácter ordinario un mínimo de dúas veces ao ano.

Canle para a participación das mulleres

O Consello Galego das Mulleres, concibido como unha canle de participación efectiva para as mulleres, ten entre as súas funcións elevar propostas e iniciativas aos poderes públicos, elaborar informes sobre a situación e perspectivas da igualdade e investigar a realidade das mulleres galegas, nomeadamente no ámbito da violencia de xénero, para colaborar de xeito efectivo na súa eliminación. Estará integrado por unha representación de todas as consellerías da Xunta, das asociacións e federacións de mulleres de Galicia,

das organizacións empresariais e sindicais e da FEGAMP. O pleno do Consello das Mulleres, que presidirá a titular de Igualdade, reunirse en sesión ordinaria un mínimo de dúas veces ao ano.

Asemade, o Decreto crea a Comisión Interdepartamental da Igualdade, que ten entre as súas funcións realizar un seguimento da aplicación da Lei de prevención de violencia de xénero e dos correspondentes plans para a igualdade de oportunidades, así como velar pola efectiva aplicación do principio de transversalidade en todas as accións e políticas públicas desenvolvidas pola Xunta de Galicia para acadar a igualdade real. Este órgano deberá reunirse como mínimo unha vez ao ano, en sesión ordinaria, e na súa composición haberá representación de todos os departamentos con competencias nesta materia da Xunta de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU O DECRETO POLO QUE SE REGULA O CONSELLO DE TURISMO DE GALICIA

- ***Pasa de ter 12 membros a un máximo de 25 vogais, o que outorga unha maior representatividade ao sector turístico. Este foi un dos motivos principais polos que se redactou unha nova Lei de turismo de Galicia***
- ***Entre as funcións do Consello de Turismo de Galicia estarán: informar as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei do Turismo de Galicia, evacuar os informes e consultas sobre plans e proxectos en materia turística que lles soliciten, informar con carácter preceptivo sobre os plans sectoriais de interese xeral, elaborar un informe anual sobre a situación turística de Galicia e propoñer liñas de investigación e estudo sobre cuestións de interese para o Turismo galego***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Decreto polo que regula o Consello de Turismo de Galicia. A Lei //2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no seu artigo 7 crea e define o Consello do Turismo de Galicia como un órgano de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento do turismo en Galicia, adscrito á consellería competente en materia de turismo.

En canto á composición do Consello, dentro da limitación legal dun máximo de 25 vogais, este proxecto establece que o Consello do Turismo de Galicia está composto por unha presidente/a, a persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de turismo; un/unha vicepresidente/a, que será a persoa titular dun órgano superior ou de dirección da Consellería con competencias en materia de presidencia e administracións públicas e proposto pola persoa titular desta; e mais polos vogais.

No caso dos vogais estarán compostos por un representante de cada unha das consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias en infraestruturas, sanidade, economía, medio rural e Cultura, cun total de cinco, entre as persoas titulares dos órganos superiores ou de dirección das devanditas consellerías; ademais de catro representantes das administracións locais propostos pola Fegamp; unha persoa representativa das universidades galegas; nove representantes dos sectores turísticos de establecementos hoteleiros, restauración, establecementos de turismo rural, de axencias de viaxes e centrais de reservas, de hoteis balneario e hoteis talaso, de acampamentos de turismo e de empresas con oferta complementaria e guías de turismo.

Ademais, formará parte do Consello de Turismo de Galicia un representante de cada unha das tres organizacións sindicais que teñan a condición de máis representativas a nivel autonómico, e máis unha persoa representante das asociacións de consumidores e usuarios; así como a persoa titular do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de turismo, que poderá nomear, ademais, dous vogais entre técnicos e especialistas no campo do turismo.

Actuará como secretario do Consello de Turismo de Galicia, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de Turismo.

Ademais da súa composición, o Decreto regula o nomeamento dos membros, as funcións, as reunións, acordos e actas, e o réxime xurídico aplicable.

O Consello funcionará en pleno, que se reunirá en sesión ordinaria tres veces ao ano, ou en comisións de traballo. Entre as súas funcións recóllense a de emitir informe as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei de turismo de Galicia, emitir os informes e consultas sobre plans e proxectos en materia turística que lles soliciten; emitir informe con carácter preceptivo sobre os plans sectoriais de interese xeral; elaborar un informe anual sobre a situación turística de Galicia e propoñer liñas de investigación e estudo sobre cuestións de interese para o turismo de Galicia.

Tras a reestruturación da Xunta de Galicia polo Decreto 1/2012, do 3 de xaneiro, o Decreto 12/2012, do 4 de xaneiro configura a Secretaría Xeral para o Turismo como órgano superior dependente funcionalmente de Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que pasa a ser a consellería competente en materia de Turismo. A Secretaría Xeral para o Turismo terá competencia na planificación e seguimento da actividade do Consello do Turismo de Galicia.

Maior representatividade do sector

O Decreto que hoxe se aprobou ten como obxecto regular a composición, organización e funcionamento interno do Consello de Turismo de Galicia, así como o réxime de elección dos seus membros. O consello de Turismo de Galicia pasa a ter ata un máximo de 25 vogais fronte aos 12 que prevía o consello Regulador do Turismo segundo a anterior Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, o que lle outorga unha maior representatividade ao sector turístico. Este foi un dos motivos principais polos que se redactou unha nova Lei de turismo de Galicia.

Outros motivos que obrigaron á aprobación da nova Lei de turismo foron: a obrigatoriedade de transposición da Directiva europea de servizos (2006); as contradicións entre a exposición de motivos e o propio articulado da lei anterior; a falta de consenso co sector; a eliminación de categorías fundamentais para Galicia como hoteis-balneario; a substitución inoportuna de categorías consolidadas como hostais por

outras descoñecidas no ámbito nacional como residencias turísticas; a pretensión de creación dunha marca de calidade turística propia galega cando xa existía unha a nivel nacional recoñecida e aceptada; ou a eliminación da figura de dispensa, imprescindible para apoiar a emprendedores que deciden crear establecementos turísticos en edificios antigos.

O NOVO PLAN DE CONTINXENCIAS POR CONTAMINACIÓN MARIÑA DE GALICIA GAÑARÁ EN EFICACIA E OPERATIVIDADE GRAZAS Á SIMPLIFICACIÓN DA SÚA ESTRUTURA DE ORGANIZACIÓN

- ***O novo Plan, que se aprobará antes de finais de ano, terá unha estrutura organizativa moito máis simple que permitirá avanzar na operatividade ante unha eventual continxencia***
- ***O decreto aprobado hoxe no Consello da Xunta establece os órganos de actuación do plan de continxencias e os criterios de activación do plan***
- ***En canto aos materiais de loita contra a contaminación establece que o centro de almacenamento de equipos será a base loxística situada no porto de Tragove, en Cambados***

O novo Plan de continxencias por contaminación mariña de Galicia, que se aprobará antes de finais de ano, gañará en eficacia e operatividade. O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se simplifica a súa estrutura e organización de xeito que se poida mellorar a coordinación dos medios de loita contra a contaminación mariña e avanzar en operatividade ante unha eventual continxencia por contaminación. Trátase dunha modificación que senta as bases para que o novo plan vaia en consonancia coa normativa estatal.

Esta nova estrutura estará liderada pola Consellería do Medio Rural e do Mar e materializarase no novo Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental que está a ultimar a Xunta para a súa aprobación a finais de ano. Esta acción supón un avance na preparación da Comunidade Autónoma nesta materia e promove unha utilización racional dos medios materiais existentes. Unha vez aprobado o plan terá unha vixencia de catro anos e será sometido a revisión antes de que remate o prazo

Ademais da Consellería do Medio Rural e do Mar, a xestión das continxencias por contaminación marítima accidental en Galicia incumbe tamén á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, á Consellería de Sanidade e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Organización

O Decreto establece os órganos de actuación do plan de continxencias. O principal é o Centro de Coordinación Operativa, que decidirá todas as operacións necesarias para facer fronte á continxencia e no que estarán representadas todas as consellerías implicadas, así como a Dirección Xeral da Mariña Mercante, a Demarcación de Costas en Galicia e o concello ou concellos afectados. Os outros órganos son os grupos operativos de resposta -un de mar e outro de terra-, as unidades de apoio e outros que se consideren oportunos.

Activación

O Decreto aprobado hoxe especifica que se activará o plan en caso de que se derrame ao mar produtos contaminantes dende un porto ou instalación costeira ou interior cando a magnitude da emerxencia supere a capacidade de resposta dos plans locais ou interiores correspondentes. Tamén cando o derrame sexa dende unha instalación costeira en que estea implicado un buque e se vexa ameazada a costa próxima ou dende un buque accidentado na costa. Outro motivo de activación do plan é o derrame de substancias contaminantes dende un buque accidentado ou unha terminal de carga e/ou descarga en augas xurisdicionais españolas e con posibilidade de que a contaminación chegue á costa.

O nivel de activación verase simplificado e poderá ser de alerta (cando se sospeite que unha contaminación significativa pode chegar á costa, tanto se procede do mar como dunha instalación en terra) ou de emerxencia (cando algún tipo de contaminación significativa chegue á zona costeira, tanto se procede do mar como de instalacións en terra). Dentro deste último establécense os niveis mínimo, medio e máximo.

Material e formación

Outro dos aspectos a que se refire esta normativa é a dotación de material e neste caso establece que o centro de almacenamento de equipos será a base loxística de loita contra a contaminación mariña situada no porto de Tragove, en Cambados. Ademais dotarase de material a distintos portos de interese da Comunidade Autónoma de Galicia do cal se realizará unha revisión periódica.

No ámbito formativo, o documento especifica que o plan de continxencias incluírá un programa de adestramento co obxectivo de mellorar a eficacia da resposta ante unha emerxencia.

O decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e ata a aprobación do novo plan permanecerá vixente o actual.

CULTURA E EDUCACIÓN RESPONDE CO NOVO CICLO SUPERIOR DE EDUCACIÓN E CONTROL AMBIENTAL ÁS NECESIDADES DE PROFESIONAIS CUALIFICADOS NA PROTECCIÓN DO MEDIO E O PATRIMONIO NATURAL GALEGO

▪ ***O Consello da Xunta deu o visto e praxe a este currículo de nova implantación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no marco da estratexia de posta en valor da formación profesional que vén desenvolvendo, elaborou o currículo do ciclo de grao superior en Educación e Control Ambiental, co fin de dar resposta ás necesidades crecentes de profesionais cualificados na protección do medio e o patrimonio natural de Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao currículo desta titulación o número 42 dos adaptados no que vai de lexislatura ás exixencias da Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación. Un título que, o mesmo que os restantes adaptados, inclúe un módulo de formación en centros de traballo co cal os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, algo fundamental para a inserción laboral dos titulados.

Con este título, de nova implantación, a Consellería dá resposta ás novas necesidades dos sectores produtivos do forestal - delimitación do solo, ordenación do territorio e planificación das actuacións forestais-, a cartografía - aplicación de novas tecnoloxías no uso de sistemas de información xeográfica (SIX), fotos de satélite ou sistemas de localización por sistemas de posición global (GPS) nos espazos naturais-, e, en xeral, a todas aquelas empresas que están a implantar un sistema de xestión ambiental co fin de mellorar a súa relación co medio e a súa imaxe corporativa.

Por outra banda, estes profesionais poderán desenvolver tarefas de auditoría, inspección e control ambiental, derivadas da aparición de novas técnicas de descontaminación e novos sistemas de medición máis precisos, así como dunha nova lexislación máis exixente nas declaracións de impacto ambiental. Así mesmo, os titulados neste ciclo estarán capacitados para ser responsables dos itinerarios que os centros de educación ambiental van ofrecer para facilitar o coñecemento dos ecosistemas, potenciar a observación, a vivencia da natureza e o estudo do medio natural, e fomentar actividades de convivencia, respecto mutuo e conservación do medio natural e social.

Vixilancia e control

Os titulados neste ciclo de grao superior recibirán formación para desenvolver o seu labor como educadores, informadores, documentalistas e guías ambientais, monitores en educación ambiental, programadores de actividades ambientais ou monitores de campañas ambientais ou da natureza. Ademais, poderán traballar como guía-intérpretes do patrimonio natural, técnicos en control de espazos naturais, axentes ambientais,

profesionais dos servizos de xestión ambiental e de ambiente, ou monitores de equipamentos ambientais.

Para iso, o ciclo proporcionaralles competencias para identificar fontes documentais, compilar e difundir a información ambiental; identificar e describir os principais factores que afectan o ambiente e as súas interaccións; deseñar actividades e organizar actividades de educación ambiental, entre outras. Ademais, aprenderán a analizar os compoñentes ambientais e patrimoniais, e identificar os de maior interese desde o punto de vista cultural, paisaxístico e de conservación, para interpretar o patrimonio e os seus valores.

No eido da vixilancia e control do medio, adquirirán competencias para analizar incidencias e seleccionar os protocolos de intervención adecuados para resolver continxencias; seleccionar accións alternativas, analizando o problema ambiental para propor solucións sustentables.

Innovación e calidade

O currículo hoxe aprobado pon a atención, por outra banda, na análise das oportunidades de aprendizaxe relacionadas coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector, e as tecnoloxías da información e a comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.

Deste xeito foméntase o desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación, neste campo. Ao mesmo tempo, búscase promover entre os futuros profesionais a cultura da avaliación e a da calidade, polo que o ciclo ten uns contidos que lles permitirán identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades realizadas no proceso de aprendizaxe, para ser quen de supervisar e mellorar procedementos.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN PRORROGA O DECRETO DE PREZOS PÚBLICOS DO CURSO 2011/12 PARA FACILITAR AO ALUMNADO UNIVERSITARIO A MATRÍCULA MENTRES SE TRAMITA O DO CURSO 2012-13

- ***Manteranse en vigor as taxas do curso 2011/12 de xeito transitorio ata a publicación do novo decreto para o vindeiro curso***
- ***Deste xeito os estudantes poderán formalizar a súa inscrición dende o día 13 de xullo, dando seguridade xurídica ao alumnado universitario***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria prorroga temporalmente os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2011/12 ata que se publique o decreto polo que se fixan as taxas para o vindeiro curso nas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Unhas taxas que, tal e como aprobou este luns o Consello Galego de Universidades (CGU), permanecerán conxeladas nas primeiras matrículas de grao, tal e como comprometera a Xunta de Galicia, cuxo Consello deu hoxe o visto e prace a esta prórroga.

Os motivos da presente prórroga, que estará vixente mentres se está a tramitar o decreto que recibiu o informe o pasado luns do Consello Galego de Universidades, céntranse na necesidade de que as universidades e o alumnado poidan realizar con normalidade os trámites de matrícula.

O inicio do período de matrícula está fixado nas universidades galegas para o vindeiro 13 de xullo. Esta data avanza respecto a outros anos, posto que as universidades galegas decidiron comezar o curso académico 2012/13, nos primeiros días de setembro. O Decreto de prórroga hoxe aprobado garante os dereitos do alumnado, outorgando seguridade xurídica.

O Decreto consta de dous artigos, dos cales o primeiro prorroga a vixencia do Decreto 133/2011, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2011/12, ata que se dite o Decreto en que se fixen definitivamente os prezos públicos para o curso 2012/13.

O segundo establece que, unha vez publicado o Decreto que fixe os prezos públicos para o curso 2012/13, as universidades procederán á regularización, se é o caso, dos prezos aboados, tendo o alumnado a posibilidade de solicitar a anulación da súa matrícula co correspondente reintegro da cantidade aboada.

Antecedentes

Hai que ter en conta que ata o pasado 13 de xuño, en que se celebrou a Conferencia General de Política Universitaria en Madrid, non se aprobou a mecánica para a fixación de prezos para as matrículas do vindeiro curso, non se puido comezar o proceso de negociación do novo decreto coas universidades. Ese proceso rematou a pasada semana co envío do borrador ás universidades, que recibiu o informe favorable o pasado luns. Hai que considerar tamén que en Galicia as taxas universitarias, por lei, teñen a consideración de prezos públicos, o que obriga a aprobalas mediante decreto, o que alonga o proceso de tramitación.

A XUNTA CÉDELLE AO CONCELLO DA ESTRADA UN TERREO PARA A CONTRUCCIÓN DUN NOVO CAMPO DE FÚTBOL

- *En total son máis de 45.000 metros cadrados*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe cederlle ao concello da Estrada, unha franxa de terreo pertencente á Academia Galega de Seguridade Pública, coa fin de que o Concello destine estes terreos á construción dun novo campo de fútbol.

A Xunta cumpre así co acordo de colaboración asinado no mes de maio entre co concello da Estrada, que establecía o compromiso de levar a cabo os trámites necesarios para reverter esta finca ao patrimonio do concello da Estrada.

O acordo foi asinado polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, o director da Agasp, José Carlos García Bouzas, e o alcalde da Estrada, José López, e permitirá concentrar a totalidade das instalacións públicas de carácter deportivo na mesma zona.

Segundo recolle o protocolo, a Xunta, no seu afán de por en valor e aproveitar ao máximo os seus inmobles, procederá a reversión ao Concello dunha parte da finca que no seu día este lle cedera para a instalación da Agasp. Na actualidade esta parte do terreo, máis de 45.000 metros cadrados, atopase baleira e non está destinada a ningún uso.

O Concello da Estrada destinará estes terreos á construción dun novo campo municipal de fútbol, o que permitirá facer unha única zona deportivo-cultural municipal, situada en torno ao remate da avenida da Cultura, na Estrada.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA A PROTECCIÓN DA TOUPA E O MEXILLÓN DE RÍO

- *As medidas de conservación previstas no proxecto van enfocadas a recuperar parte da calidade ambiental perdida nas nosas bacías fluviais, xa que estas especies son fortemente dependentes delas*
- *O convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura e darase por finalizado no momento de remate do proxecto, previsto en agosto de 2015*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela relativo o proxecto LIFE + Margal Ulla, por un importe total de 3.360.000 euros. O obxectivo deste convenio é traballar na conservación dalgunhas das especies europeas máis ameazadas da fauna fluvial, a toupa de río e o mexillón de río.

O devandito proxecto trata de contribuír á mellora do estado de conservación do mexillón de río *Margaritifera margaritifera* e da toupa de río *Galemys pyrenaicus* en Galicia, asegurando a conservación das poboacións existentes na bacía do río Ulla, e establecer condicións convenientes para a recuperación das poboacións orixinais. A finalidade é que os procedementos desenvolvidos poidan servir de exemplo demostrativo para a súa aplicación noutras bacías hidrográficas con presenza destas especies.

O custo total do proxecto ascende a 3.359.143 euros, dos cales a UE subvenciona o 49,68% do total cunha contribución de 1.668.683,00 euros. A Xunta achega 804.970 euros, Augas de Galicia 269.263 e a Universidade de Santiago un total de 616.227 euros.

O investimento que chega a Galicia grazas á xestión da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.

	Achega	Gasto total	Achega_LIFE	Achega_socio_%	Achega_LIFE_%
USC	616.227	1.230.208	613.981	50,09	49,91
Augas	269.263	538.526	269.263	50,00	50,00
Xunta	804.970	1.590.409	785.439	50,61	49,39
Total	1.690.460	3.359.143	1.668.683	50,32	49,68

As medidas de conservación previstas no proxecto van enfocadas a recuperar parte da calidade ambiental perdida nas nosas bacías fluviais, xa que estas especies son fortemente dependentes delas. Así, favorecerase:

1. A calidade das augas e do medio fluvial
2. As poboacións de especies piscícolas, en especial dos salmónidos
3. A sustentabilidade da xestión das augas
4. Fomentaranse prácticas agrogandeiras máis respectuosa co seu contorno
5. Contribuirá a conservar outras especies ameazadas e hábitats asociados a elas

Ata 2015

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura e darase por finalizado na data de pagamento do balance final polo beneficiario coordinador ao beneficiario asociado. A duración prevista é ata que se remate o proxecto, en agosto de 2015.

Na actualidade ambas as especies están a sufrir unha acentuada regresión en toda a súa área de distribución paralelamente á degradación ambiental das bacías hidrográficas e ao cambio climático, constituíndo Galicia un dos seus últimos refuxios grazas a ter conservado ata mediados do século pasado unha rede fluvial con condicións aceptables.

Non obstante, nas últimas décadas asistimos a unha profunda transformación do noso territorio que multiplicou os impactos sobre esta rede fluvial. Entre eles destaca a perda e a fragmentación do hábitat por presas e aproveitamentos hidroeléctricos, a colmatación dos leitos fluviais con lodos e materiais finos, cando non as lixivacións tóxicas, causadas por pistas e vías de comunicación, incendios forestais, obras públicas e actividade mineira, a contaminación difusa das augas pola intensificación da produción agrogandeira, ou as verteduras de augas residuais, cada vez máis cargados de contaminantes.

A situación de declive destas especies levou a súa inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas, e á elaboración das propostas técnicas dos seus plans de recuperación ou conservación, que alertaron de que, de non establecerse medidas de recuperación efectivas, ambas as especies desaparecerían dos nosos ríos nun período de tempo non moi longo.

A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO PARA ABOAR AO CONCELLO DE PONTEVEDRA OS 500.000 EUROS DA PONTE DAS CORRENTES PREVISTOS ESTE ANO

- ***Tal e como se comprometera o conselleiro Hernández nunha reunión co alcalde da cidade do Lérez, o seu departamento aboará os 500.000 euros restantes en 2013***
- ***Cómpre recordar que na actualidade xa se transferiron os dous millóns de euros que o Concello de Pontevedra certificou no período de vixencia do anterior convenio***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Pontevedra por un importe de 500.000 euros. Trátase da anualidade correspondente a 2012 que a Consellería de Medio Ambiente aboará ao Concello de Pontevedra pola obra da ponte das Correntes.

Este foi un dos acordos acadados na reunión celebrada a finais de maio entre o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, e o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores. Os 500.000 euros restantes serán transferidos en 2013.

Nestes momentos o departamento que dirixe Agustín Hernández xa ten pagados dous millóns de euros, os que o Concello de Pontevedra certificou axeitadamente no período de vixencia do anterior convenio.

Os atrasos na execución destas obras, que foron inauguradas polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo o pasado 22 de maio, foron razóns alleas á Xunta de Galicia e trouxeron como consecuencia o remate da vixencia do convenio, xa que o Concello nese momento non quixo asinar unha addenda.

O conselleiro de Medio Ambiente analizou nunha reunión co alcalde de Pontevedra as distintas posibilidades de para dar unha solución a esta situación, polo que a Xunta sempre trasladou a súa plena e total colaboración co Concello de Pontevedra para superar este problema.

A XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PLAN SECTORIAL DE APARCADOIROS DISUASORIOS DE GALICIA

- ***Inclúe un total de 67 propostas de aparcadoiros que suman mais de 16.000 prazas repartidas en 15 municipios das áreas metropolitanas de cada unha das sete cidades galegas***
- ***A poboación beneficiada por esta iniciativa supera o millón e medio de cidadáns***
- ***Aforraríanse 6,2 millóns de litros de combustible ao ano, o que representa 9,5 millóns de euros aforrados polos usuarios nun ano, e deixarán de emitirse 17.800 toneladas de CO₂***
- ***Cada usuario de prazas de aparcadoiro destinado á viaxe compartida podería aforrar ao ano entre 1.500 e 2.000 euros***
- ***O Plan pasará agora á fase de información pública, a partir da cal pode ver modificado ou mellorado polas alegacións que se presenten. Prevese que sexa definitivamente aprobado no primeiro trimestre de 2013***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos da Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense.

Os aparcadoiros disuasorios son áreas para estacionamento de coches, especialmente deseñadas e situadas nas principais estradas de acceso ás cidades, nas cales se realiza a intermodalidade entre o vehículo privado e, ben un modo de transporte público colectivo (principalmente o autobús, pero tamén outros como o tren) ben o coche pero na súa modalidade de viaxe compartida ou *car-pooling* (práctica de compartir por quendas o uso dun automóbil por dous ou máis persoas, xeralmente para viaxar xuntas ao traballo, centro educativo etc).

O obxectivo desta iniciativa é facer un uso máis eficiente do vehículo privado, con beneficios tanto para os usuarios como para o resto da cidadanía, xa que se reduce a conxestión de vehículos nos accesos ás cidades, así como as correspondentes emisións de gases e produción de rúidos.

O programa comprende os ámbitos metropolitanos das sete grandes cidades galegas: A Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, e está en concordancia co modelo territorial establecido nas Directrices de ordenación do territorio. O carácter supramunicipal do Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios baséase nas singularidades do seu ámbito de actuación, do seu obxectivo, da súa magnitude, incidencia territorial e características especiais, e cumpre todos os aspectos requiridos pola lexislación.

O plan inclúe, na versión que se vai someter a información pública, 67 propostas de aparcadoiros disuasorios, que suman mais de 16.700 prazas, repartidos en 15 municipios das áreas metropolitanas de cada una das sete cidades galegas: 10 na área metropolitana de Ferrol, 12 na da Coruña, 8 na de Santiago de Compostela, 6 na de Pontevedra, 20 na de Vigo, 5 na de Lugo e 6 na de Ourense. En termos poboacionais, 1,5 millóns de persoas residentes nas áreas metropolitanas citadas beneficiaranse desta iniciativa. Estas 67 propostas supoñen unha oferta de máis de 320.000 metros cadrados de aparcadoiros.

Obxectivos

Diminuír o número de quilómetros que se realizan en vehículo privado nos accesos ás diferentes capitais metropolitanas é o obxectivo fundamental deste Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios. Trátase de diminuír os desprazamentos en vehículo privado, o que deriva nunha diminución do consumo de combustible e das emisións contaminantes.

Como retos que se pretenden acadar coa posta en marcha do plan están:

- Diminuír o tempo de desprazamento ao obter a máxima eficiencia en cada etapa da viaxe. De tal xeito que se utilice o vehículo privado naqueles tramos sen conxestión e o transporte público segregado nas zonas máis densas.
- Potenciar a utilización do transporte público. Permite dispoñer de demanda abondo para crear corredores de transporte público de alta frecuencia ao concentrar os fluxos provenientes de zonas de baixa densidade (de poboación ou de actividade).
- Evitar a mobilidade en vehículo privado en vías e zonas conxestionadas. Os aparcadoiros de disuasión permiten diminuír o número de vehículos polo centro das cidades ou ás entradas a estas.

Beneficios

Dende o punto de vista ambiental, a implementación destes aparcadoiros suporá que se deixarán de emitir 17.800 toneladas de CO₂ ao ano, o que equivale ao CO₂ que procesarían 5.100 hectáreas de bosque; o aforro de 6.240.000 litros de combustible, o que representa 9.500.000 euros aforrados polos usuarios, e 93 millóns de quilómetros que se deixarán de percorrer polas estradas galegas.

O programa tamén contribuirá ao desenvolvemento sustentable, social e económico de Galicia, que se traduce nas seguintes cifras: cada usuario poderá aforrar entre 1.500 - 2.000 euros ao ano por empregar os aparcadoiros de viaxe compartida (*car-pool*), ou 175 euros de aforro para cada usuario que utilice os aparcadoiros de intercambio modal, aos cales habería que engadir outros 600 euros máis de aforro polo uso do transporte metropolitano mediante a tarxeta metropolitana de Galicia.

O plan pasará agora a fase de información pública, a partir da cal pode ver modificado ou mellorado polas alegacións que se presenten. Prevese que o Plan sexa definitivamente aprobado no primeiro trimestre de 2013.

Criterios

Os criterios con que se traballou para definir a localización e tipoloxía de aparcadoiro foron os seguintes:

Intercambio modal	<ul style="list-style-type: none">• Localización dos espazos no perímetro das cidades de referencia.• Proximidade á oferta de transporte público urbana de alta frecuencia (actual ou futura).• Aproveitar a rede actual de transporte público ou que a desviación deste -no caso do autobús- sexa mínima.• Fácil acceso á rede viaria interurbana. Neste caso considérase que o aparcadoiro se localice nun punto no que non sexa necesario utilizar en exceso as vías urbanas e á vez evite a conxestión de entrada á cidade de referencia.• Primaranse aqueles espazos xa consolidados e de escasa utilización como poden ser os centros deportivos.• Considéranse os puntos de intercambio modal: estacións de transporte público.
Viaxe compartida	<ul style="list-style-type: none">• Localización dos espazos no perímetro das cidades de referencia.• Fácil acceso á rede viaria interurbana. Neste caso considérase que o aparcadoiro se localice nun punto en que non sexa necesario utilizar en exceso as vías urbanas e, á vez, evite a conxestión de entrada á cidade de referencia.• Primaranse aqueles espazos xa consolidados e de escasa utilización, como poden ser os centros deportivos.• Recóllanse realidades existentes deste tipo de aparcadoiros.

A XUNTA APROBA A 2ª CONVOCATORIA DO ININTERCONECTA QUE SUMARÁN UNS INVESTIMENTOS DE MÁIS DE 210 MILLÓNS EN PROXECTOS DE INNOVACIÓN DE ALTO IMPACTO PARA GALICIA

- ***O Goberno galego é o único que pon en marcha unha nova edición do programa Feder Innterconecta***
- ***Coa nova convocatoria Innterconecta, o Goberno galego conseguirá esgotar case por completo os recursos do Fondo Tecnolóxico que xestiona o CDTI***
- ***A nova convocatoria Innterconecta para o financiamento de proxectos triplica a a dotación da edición do 2011***

A Xunta fará unha segunda convocatoria do programa Feder Innterconecta para financiar proxectos de alto impacto que impliquen a colaboración entre empresas e centros de coñecemento galegos. Este programa, que conta co cofinanciamento da Consellería de Economía e Industria, está orientado a acadar a máxima rendibilidade dos recursos do Fondo Tecnolóxico Europeo para Galicia. Deste xeito, coas dúas edicións do Innterconecta porase ao dispor da innovación na empresa galega unha suma de máis de 105 millóns de fondos públicos, que permitirán unha mobilización total de investimentos que poderá superar os 210 millóns de euros.

O Consello da Xunta vén de autorizar a addenda ao convenio asinado o ano pasado co Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), que fará posible a segunda convocatoria do programa Feder Innterconecta en 2012. A Xunta buscou dende o inicio da lexislatura unha fórmula que facilitase o acceso a estes recursos e habilitou este programa cun esforzo orzamentario de cofinanciamento que favorece ás empresas. Ata 2011 tense acadado un consumo do Fondo Tecnolóxico que se sitúa preto do 50% e que, con esta nova convocatoria, logrará esgotar case na súa totalidade estes recursos.

Neste contexto, o consello da Xunta autoriza á Consellería de Economía e Industria a sinatura dun acordo co CDTI que blinda os fondos para a Galicia ata 2015 e, deste xeito, converterase na única Comunidade que fai unha nova edición do programa, deseñado para mobilizar e obter a máxima rendibilidade dos recursos de Fondo Tecnolóxico Europeo, co incentivo do cofinanciamento dos proxectos por parte da Xunta. A Consellería que dirixe Javier Guerra blinda así os fondos que permitirán financiar os proxectos de execución plurianual que sexan aprobados este ano ata a súa finalización en 2015.

O éxito acadado pola Xunta na primeira convocatoria permitiu comprobar que existe un enorme potencial de desenvolvemento de ideas innovadoras en Galicia froito da colaboración público-privada, polo que a Xunta negociou co CDTI a ampliación do programa cun importante incremento dos fondos dispoñibles para facilitar que ningún proxecto de innovación de alto impacto xerado en Galicia quede sen executar por falta

de financiamento, reto que á súa vez se enmarca na estratexia do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C) 2011-2015.

A través desta iniciativa consolídase a experiencia iniciada co programa na súa primeira fase, con 26 proxectos aprobados, todos eles en áreas de actividade estratéxicas para Galicia e cun gran potencial comercial e de creación de emprego, implican a un total de 106 empresas galegas.

Esforzo de cofinanciamento da Xunta

A iniciativa da Xunta permite que o límite mínimo dos proxectos financiáveis sexa de 1,5 millóns de euros, rebaixando así significativamente a contía de 5 millóns inicialmente requiridos para acceder ao Fondo Tecnolóxico, o que permite captar proxectos máis acordes ao tamaño do tecido empresarial galego.

Os proxectos teñen que ter unha duración de tres anos e ser executados por consorcios formados por entre tres e dez empresas, cun mínimo do 15% do orzamento reservado para colaborar con centros tecnolóxicos e de investigación. Fronte á fórmula inicial baseada no préstamo, o programa promovido pola Xunta contempla a opción da subvención a fondo perdido ao máximo que permite a UE segundo a tipoloxía das empresas. As axudas poden acadar o 40% para grandes empresas, o 50% para medianas e o 60% para pequenas, coa posibilidade de financiar a amortización de activos fixos, horas de persoal propio, materiais, subcontratacións e gastos xerais.

A POLICÍA AUTONÓMICA INCREMENTA O PERSOAL DEDICADO Á PREVENCIÓN E INVESTIGACIÓN DOS LUMES NA TEMPORADA DE MÁXIMO RISCO

- ***Un total de 206 axentes estarán despregados polos montes galegos para controlar a actividade incendiaria e deter ás persoas autoras dos lumes***
- ***A Policía Autónoma leva detidas/imputadas ata o de agora 89 persoas, máis que en todo o ano pasado***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao informe da Policía Autónoma sobre a previsión de recursos no que concirne ao Pladiga 2012, que se verán reforzados durante a temporada de verán para previr e investigar os lumes no territorio da comunidade autónoma galega. Un ano máis, a Policía Autónoma asume o papel de policía operativa contra os lumes forestais, polo que se despregarán polos montes galegos de acordo coas pautas de traballo recollidas no Pladiga, empregando o máximo número de efectivos dispoñibles nesta época.

O persoal da Policía Autónoma centrará os seus esforzos e a súa actividade en que se poida reducir o número de lumes, pero tamén en que se produza a detención ou imputación dos seus autores, sexan de carácter intencionado ou negligente, e manterán sempre as dúas premisas a seguir dende a perspectiva policial, que son controlar a posible actividade incendiaria e deter as persoas que resulten autoras dos lumes.

Así, durante esta época de máximo risco de incendios, a Policía Autónoma despregará un operativo especial, o mesmo que en anos anteriores, incrementando o número de persoal dedicado á loita contra os lumes en Galicia, cun lixeiro incremento de efectivos, que este ano serán de 206 persoas, entre investigación, prevención e reforzos, repartidos nas sedes de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Ademais deste persoal, no caso puntual de producirse unha situación de crise, podería sumarse ao servizo de prevención de incendios o Equipo de Resposta Policial (ERPOL), cun total de 22 policías, repartidos en tres equipos, con medios propios. Así mesmo, e para dar unha resposta policial efectiva, a Policía Autónoma contará con 40 vehículos todoterreo, cinco vehículos camuflados e sete motos todoterreo.

Primeiro semestre 2012

Cómpre destacar que no primeiro semestre deste ano, a Policía Autónoma continuou traballando dun xeito prioritario no eido dos incendios forestais a través das súas unidades de ambiente, e foron reforzadas en momentos puntuais con efectivos doutros servizos da propia unidade.

Neste período redobráronse os esforzos policiais encamiñados á prevención e investigación de incendios, que deron como resultado no que vai de ano a detención/

imputación de 89 persoas, supostas causantes de incendios forestais, fronte ás 47 persoas detidas/imputadas ata estas datas do pasado ano 2011.

Novas incorporacións

Por outra banda, xa se está a proceder á selección de novos integrantes da Policía Autonómica que permitirán incrementar o número de efectivos da Unidade ata chegar a cifras históricas no corpo, que viña sufrindo unha redución de efectivos dende o ano 2007.

Unha vez que remate o proceso selectivo dos novos compoñentes da Unidade, permitirá que estes novos integrantes pasen a prestar servizo na nosa Comunidade, incrementando así os recursos destinados ao Pladiga 2012 con novos axentes que reforzarán os medios xa previstos.